

OS SEUS OBXECTIVOS

- Facilitar espazos de posta en común, en relación ao sector pesqueiro, para mozas e mozos do territorio que teñen inquietudes e obxectivos comúns e moito que aportar nos eidos pesqueiro e social.
- Sensibilizar aos xóvenes na importancia que o sector pesqueiro ten no desenvolvemento territorial e a súa repercusión no patrimonio, desenvolvemento turístico e oferta gastronómica.
- Continuar apoiando a profesionalización do sector pesqueiro e fomentando a innovación para que se siga a manter como un motor da nosa economía a través da creación de emprego, apoio á empleabilidade e/ou da inclusión social.
- Poñer de manifesto a importancia de preservar os recursos e zonas costeiras e de loitar en contra do cambio climático.

O TERRITORIO

O proxecto levarase a cabo nos territorios dos GALP participantes que abranguen os seguintes concellos:

GALP A MARIÑA - ORTEGAL

Ribadeo, Barreiros, Foz, Burela, Cervo, Xove, Viveiro, O Vicedo, Mañón, Ortigueira, Cariño, Cedeira, Valdoviño.

GALP GOLFO ÁRTABRO NORTE

Ares, Cabanas, Fene, Ferrol, Miño, Mugar dos, Narón, Neda, Paderne, Pontedeume.

GALP GOLFO ÁRTABRO SUR

A Coruña, Arteixo, Bergondo, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada.

GALP SEO DE FISTERRA RÍA DE MUROS NOIA COSTA SOSTIBLE

Fisterra, Corcubión, Cee, Dumbria, Carnota, Muros, Outes, Noia, Porto do Son.

GALP RÍA DE AROUSA

Boiro, Cambados, Catoira, O Grove, Illa de Arousa, A Pobra do Caramiñal, Rianxo, Ribadumia, Ribeira, Vilagarcía de Arousa, Vilanova de Arousa.



O PROXECTO NAS REDES SOCIAIS

O proxecto está presente nas redes sociais Facebook e Instagram co nome **Relevo2020**.

CONTACTO

A dirección de email na que se pode solicitar información é info@relevo2020.org

En breve estará dispoñible o espazo relevo2020.org con máis información e co formulario de inscrición habilitado.

RELEVO 2020

**PROPOSTA FORMATIVA
PARA A CAPACITACIÓN DE
MOZOS E MOZAS EN BUSCA
DO RELEVO XERACIONAL NO
SECTOR PESQUEIRO.**



O proxecto de colaboración RELEVO 2020 é unha iniciativa de carácter formativo promovida polos cinco Grupos de Acción Local do Sector Pesqueiro (GALP) que van de seguido: GALP A Mariña - Ortegal, GALP Golfo Ártabro Norte, GALP Golfo Ártabro Sur, GALP Seo de Fisterra Ría de Muros Noia Costa Sostible e GALP Ría de Arousa. Trátase dun proxecto que busca o relevo xeracional no sector pesqueiro mediante a capacitación de mozos e mozas, a través da formación e mellor coñecemento dos recursos dos territorios.

A QUEN VAI DIRIXIDO

Mozos e mozas con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos. Non é preciso ter experiencia previa no sector pesqueiro nin estar en posesión de ningunha titulación relacionada con él.

PROGRAMA FORMATIVO. OS CONTIDOS.

COÑECEMENTO DO SECTOR PESQUEIRO

Os participantes deberán coñecer o escenario no que van profundizar, que sexan conscientes da situación actual e coñezan as ferramentas que poderán empregar para participar del activamente e para intentar melloralo.

DESEÑO DA CARREIRA PROFESIONAL

O equipo docente traballará de xeito individual con cada participante tratando de encaixar cada situación personal nas oportunidades que o sector pesqueiro ofrece.

TECEMENTO DE REDES ASOCIATIVAS E PROFESIONAIS

A cooperación e colaboración serán vías constantes para o mantemento e posta en marcha de proxectos en calquera ámbito.

EMPRENDEMENTO ACTIVO

Facilitaranse as ferramentas e os recursos precisos para que os participantes poidan considerar o emprendemento en relación ao sector pesqueiro como unha posibilidade de futuro laboral.

RECOÑECEMENTO DE EXPERIENCIAS INNOVADORAS

Haberá constantes encontros e xornadas con outros xóvenes que xa deron o paso de emprender ou acadaron un posto de traballo no sector, directa ou indirectamente.

ENCUNTROS PROFESIONAIS

Tamén haberá encontros con profesionais do sector que contarán a súa experiencia dende o seu posto e falarán dos perfís que se necesitan actualmente.

O PROGRAMA FORMATIVO

- Levarase a cabo entre setembro de 2020 e abril de 2021, ambos meses incluídos.

- Terá unha duración de 4 meses.

- Desenvolveranse dúas edicións de catro meses cada unha en todos os territorios dos GALP participantes.

- Haberá 15 prazas en cada edición de catro meses (30 prazas en total en cada GALP)

- O horario (de mañá ou de tarde) será acordado cos inscritos para favorecer a súa participación.

O PROGRAMA FORMATIVO. AS ACTUACIÓNS.

As actuacións que se poñerán en marcha para a execución do programa formativo e impartición dos contidos serán:

SEMINARIOS FORMATIVOS

2 por mes.
Duración: media xornada

TITORÍAS INDIVIDUALIZADAS

1 cada quince días.

SAÍDAS DE CAMPO

Mínimo 2 en cada bloque de formación de 4 meses.
Duración: 2-3 horas cada visita

ENCUNTROS CON MOZOS E MOZAS CON EXPERIENCIA

Mínimo 2 en cada bloque de formación de 4 meses.
Duración: 2-3 horas cada encontro

VISITAS PARA COÑECEMENTOS DOS RECURSOS NOUTROS GALPs

2 en cada bloque de formación de 4 meses.
Duración: xornada completa

VISITA DE ESTUDO NACIONAL

O EQUIPO DOCENTE

Estará formado por profesionais do eido das Ciencias Experimentais e das Ciencias Sociais, con ampla experiencia na realización e coordinación de proxectos de divulgación científica centrada no medio mariño e o sector pesqueiro e en procesos de formación.

